

LIGA GALEGA DE CLUBS DE NATACIÓN

Tempada 2026/27. Circular 26-14.

1. Organización, datas e sedes

1. A liga galega estrutúrase en catro divisións compostas segundo se especifica no anexo I: División de Honra, Primeira División, Segunda División e Terceira División.
2. Todos os clubs deberán confirmar a súa participación na liga antes do 1 de outubro. No caso de baixa dun club, todos os clasificados a continuación pasarán ao posto correspondente. Un club que descendera non poderá ocupar o posto de baixa de ascenso na seguinte tempada. Os clubs que desexen participar na Liga e non estean incluídos deberán comunicalo por escrito á FEGAN no mesmo prazo, e por correo electrónico.
3. Se algún equipo, unha vez inscrito, se retirase da competición ou non comparecese en algunha das xornadas ou sesións, salvo causa de forza maior debidamente xustificada, será sancionado con 300 euros e perderá o dereito a participar na liga durante a tempada seguinte.
4. Para as divisións de honra, primeira e segunda, establécense dúas fases, a preliminar e a final. Na previa competirán os seis equipos de cada división. En función dos resultados desta fase formaranse dous grupos por división que disputarán a fase final polo título/ascenso ou permanencia. No grupo polo título competirán os tres primeiros clasificados da fase previa e no grupo da permanencia os tres últimos. As xornadas da fase final disputaranse para cada división nunha única piscina como na fase previa.
5. Para a terceira división establécense 2 fases, coincidindo coas 2 das demais divisións, nas que competirán todos os clubs inscritos na liga e que non formen parte das divisións de honra, primeira e segunda. Todos os equipos inscritos competirán na fase preliminar. En función dos resultados desta fase formarase un grupo cos 6 mellores clubs en función da puntuación da fase preliminar que competirá na fase final polo título. Para a inscrición da Fase Final de Terceira División, haberá que confirmar a participación. Se non se participa o dereito a participar pasará ós seguintes clasificados da fase preliminar. A xornada da fase final disputarase nunha única piscina como na fase previa.
6. A fase previa constará de 3 xornadas dunha sesión cada unha que comezarán ás 17:00 horas e a fase final dunha xornada e dúas sesións que comezarán ás 10:30 e ás 17:00 horas respectivamente.
7. As sedes poderán ser solicitadas polos clubs participantes de cada división. Para a organización das xornadas da fase final terá preferencia o primeiro clasificado da fase previa, que en caso de ser rexeitado pasa ós seguintes por orde de clasificación.
8. A sede da Fase Final da División de Honra disporá de cronometraxe electrónica.
9. Polo menos unha 90 minutos antes do comezo de cada sesión, a piscina deberá estar a disposición dos nadadores para o quecemento.
10. Na Fase Final da División de Honra, os nadadores teñen dereito a quentar até 15 minutos antes do comezo da sesión. No resto de división serán 10 minutos.
11. As datas de celebración serán as que figuren no calendario de natación desta tempada.

2. Programa de probas

1. A orde das tres xornadas previas elixirase por sorteo (A – B - C)

2. A orde das probas será a seguinte:

Fase Preliminar			Fase Final	
Xornada B	Xornada C	Xornada A	Sesión 1	Sesión 2
17. 4 x 50 m Libre Fem. 18. 4 x 50 m Libre Mas. Descanso de 5 minutos. 19. 1500 m Libre Fem. 20. 200 m Libre Mas. 21. 50 m Bolboreta Fem. 22. 50 m Bolboreta Mas. 23. 200 m Braza Fem. 24. 200 m Braza Mas. 25. 50 m Costas Fem. 26. 50 m Costas Mas. 27. 400 m Estilos Fem. 28. 400 m Estilos Mas. Descanso de 5 minutos 29. 4 x 100 m Estilos Fem. 30. 4 x 100 m Estilos Mas.	31. 100 m Estilos Mas. 32. 100 m Estilos Fem. 33. 1500 m Libre Mas. 34. 200 m Libre Fem. 35. 50 m Braza Mas. 36. 50 m Braza Fem. 37. 200 m Bolboreta Mas. 38. 200 m Bolboreta Fem. 39. 100 m Libre Mas. 40. 50 m Libre Fem. 41. 100 m Costas Mas. 42. 100 m Costas Fem. Descanso de 5 minutos 43. 4 x 200 m Libre Mas. 44. 4 x 100 m Libre Fem.	1. 4 x 50 m Estilos Fem. 2. 4 x 50 m Estilos Mas. Descanso de 5 minutos. 3. 400 m Libre Fem. 4. 400 m Libre Mas. 5. 100 m Braza Fem. 6. 100 m Braza Mas. 7. 100 m Bolboreta Fem. 8. 100 m Bolboreta Mas. 9. 200 m Costas Fem. 10. 200 m Costas Mas. 11. 200 m Estilos Fem. 12. 200 m Estilos Mas. 13. 100 m Libre Fem. 14. 50 m Libre Mas. Descanso de 5 minutos 15. 4 x 200 m Libre Fem. 16. 4 x 100 m Libre Mas.	1. 4x50 m Libre Fem. 2. 4x50 m Libre Mas. Descanso de 5 minutos 3. 200 Libre m Fem. 4. 400 Libre m Mas. 5. 200 m Bolboreta Fem. 6. 200 m Bolboreta Mas. 7. 50 m Costas Fem. 8. 50 m Costas Mas. 9. 100 m Braza Fem. 10. 100 m Braza Mas. 11. 800 m Libre Fem. 12. 100 m Libre Mas. 13. 50 m Libre Fem. 14. 200 m Costas Mas. 15. 200 m Costas Fem. 16. 200 m Estilos Mas. 17. 200 m Estilos Fem. 18. 50 m Bolboreta Mas. 19. 50 m Bolboreta Fem. Descanso de 5 minutos 20. 4x100 m Estilos Mixto.	21. 4 x 50 m Estilos Mas. 22. 4 x 50 Estilos Fem. Descanso de 5 minutos 23. 200 m Braza Mas. 24. 200 m Braza Fem. 25. 200 m Libre Mas. 26. 400 m Libre Fem. 27. 100 m Costas Mas. 28. 100 m Costas Fem. 39. 100 m Bolboreta Mas. 30. 100 m Bolboreta Fem. 31. 50 m Braza Mas. 32. 50 m Braza Fem. 33. 800 m Libre Mas. 34. 100 m Libre Fem. 35. 50 m Libre Mas. 36. 400 m Estilos Fem. 37. 400 m Estilos Mas. Descanso de 5 minutos 38. 4 x 100 m Libre Mixto.

3. Participación

1. Este regulamento está destinado ás categorías:

- a) Masculina. Nacidos no ano 2013 e anteriores.
- b) Feminina. Nacidas no ano 2013 e anteriores.

2. Cada nadador poderá participar nun máximo de 6 probas individuais na fase previa e 4 probas individuais na fase final. Nunha xornada de fase preliminar poderá nadar un máximo de 2 probas e as remudas. Na fase final poderá nadar un máximo de 2 probas individuais e as remudas por sesión. O club que incorra nesta falta será sancionado coa perda de todos os puntos nas probas de exceso.

3. Cada club poderá inscribir un máximo de 2 nadadores por proba.

4. Os clubs de terceira división só poderán inscribir 1 nadador nas probas de 400, 800 e 1500 metros, sempre que sexan máis de seis clubs. Na Fase Final da terceira división, poderán incluír dous nadadores nestas probas de 400, 800 e 1500 metros.

5. Cada club poderá inscribir 2 equipos de remudas por proba. A marca de inscrición terá que ser por suma de tempos. No caso de non existir marca por suma de tempos pode participarse sen marca.

6. Para participar na Fase Final é necesario ter validada a licenza antes do último día da Fase Preliminar.

7. Admitiranse baixas, cambios de nadadores e composicións de remudas até 45 minutos antes do inicio da sesión. Os cambios de nadadores realizaranse previa solicitude de baixa dun nadador do mesmo club inscrito na proba.

8. Haberá unha limitación de 10 deportistas por club (libre disposición) para inscribir na proba de 25 metros libre (reservas e só remudas)

9. No descanso antes dos relevos poderase utilizar a piscina de competición.

4. Inscripcións

1. Realizaranse a través da plataforma de inscricións e remitirase á FEGAN por correo electrónico (inscripciones@fegan.org) o rexistro de inscrición que o propio programa xera en formato PDF.
2. As inscricións deberán ser recibidas pola FEGAN como moi tarde o martes anterior á celebración do día correspondente, sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición velar pola súa recepción.
3. Os nadadores para cambios ou só participen en remudas tamén deberán inscribirse a través do Xesde, para elo empregárase a opción de inscrición de reservas.
4. A entidade organizadora enviará as series á FEGAN e aos clubs participantes antes das 20:00 horas do xoves anterior ó día da competición.

5. Formula de competición

1. Todas as probas disputaranse contra o reloxo.
2. Puntuación na fase preliminar:
 - a) A puntuación nas probas individuais de división de honra, primeira e segunda división será: 15, 12, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.
 - b) A puntuación nas probas de remudas de división de honra, primeira e segunda división será: 30, 24, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

Na terceira división, a puntuación en probas individuais e remudas (o dobre da das probas individuais) asignarase en función do número total de clubs inscritos.

Para X clubs:

- a) En probas individuais: _.
- b) En remudas: _.

3. Establecerase unha clasificación por xornada en función dos puntos obtidos nas probas individuais e de relevos. A cada club de división de honra, primeira e segunda, asignarase a seguinte puntuación segundo a clasificación acadada: 7, 5, 4, 3, 2, 1 punto (de primeiro a sexto). Na terceira división, os puntos concederanse en función do número de clubs inscritos.

Para X clubs a puntuación asignada será (-): -.

4. En caso de empate ao final da terceira xornada, decidirá a maior puntuación, sumando os puntos obtidos nas probas individuais e de remudas, se persiste atenderase o número de primeiros, segundos, terceiros, etc postos.

5. Na fase final:

División de Honra, Primeira División e Segunda División.

- a) A puntuación en probas individuais será: 7, 5, 4, 3, 2, 1.
- b) A puntuación nas probas de remudas será: 14, 10, 8, 6, 4, 2.

Terceira División:

- a) A puntuación en probas individuais será: 13, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1
- b) A puntuación nas probas de remudas será: 26, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

6. Establecerase unha clasificación en función dos puntos obtidos nas probas individuais e de remudas.
7. En caso de empate na fase final, resolverase o número de primeiros, segundos, terceiros postos, etc. en dita fase final.
8. Ao final de cada tempada, os 2 últimos equipos clasificados en cada división descenden á inmediatamente inferior, ascendendo os 2 primeiros clasificados nesta última.

6. Resultados e clasificacións

Nas catro divisións realízase unha clasificación xeral por clubs ao remate das tres xornadas da fase previa para determinar a distribución dos clubs na fase final.

6.2.- A clasificación da fase final determinará os ascensos de grupo e os descensos.

6.3.- Os clubs organizadores deberán entregarlle ao remate da xornada copia dos resultados aos clubs participantes, ben en formato físico ou telemático, e remitilos ó rematar a competición cos tempos finais á FEGAN ao correo electrónico resultados@fegan.org. Os resultados completos, con tempos parciais e finais, enviaranse coa maior brevidade posible ao mesmo correo electrónico.

7. Títulos e premios

1. Entregarase un trofeo ao equipo campión de cada grupo.
2. Establécense os Trofeos Presidente Leopoldo Bremón ás mellores marcas, masculinas e femininas, acadadas durante a celebración desta liga por puntuación da táboa WAQ, que se outorgarán no Campionato Galego Absoluto de Verán.

8. Reclamacións

1. Nas competicións de natación de carácter territorial, pero con varias sedes, a Comisión de Competición estará integrada por:
 - a) O secretario xeral da FEGAN.
 - b) Un representante dos Clubs participantes, elixido por sorteo.
 - c) Un representante dos adestradores, elixido por sorteo entre os pertencentes aos clubs participantes.
 - d) O Xuíz Árbitro da Competición.
 - e) Unha persoa designada pola FEGAN que non coincida coas anteriores.
2. O sorteo dos membros desta Comisión de Competición realízase ao comezo da tempada, en data e hora que se anunciará previamente, na sede da FEGAN, e antes do inicio das competicións.
3. A reclamación presentarase, como máximo, até 48 horas desde a resolución da reclamación previa presentada ante o xuíz do concurso.
4. A reclamación será resolta pola Comisión de Competición no prazo máximo de 48 horas despois de ter coñecemento dela.
5. Non se poderá presentar ningunha reclamación contra os resultados transcorridos 4 horas desde a súa publicación definitiva.

9. Distribución das divisións

División de Honra	1ª División	2ª División	3ª División
CN PORTAMIÑÁ	CN PONTEAREAS	CN CORUÑA	C MARINA FERROL
CN GALAICO	CDN CIDADE SANTIAGO	CN VIGO RÍAS BAIXAS	CN MONFORTE
CN FERROL	SPORTING CASINO A CORUÑA	CN PANAS	CN LICEO
CN PABELLÓN OURENSE	AD FOGAR	CN MOS	CN XOVE
C FLUVIAL LUGO	RCN VIGO	C DEL MAR	CN ORDES
CN ARTEIXO	ADN NARÓN	SD BOIRO	CN VILAGARCÍA
			CN CULLEREDO
			CN REDONDELA
			CN ARZÚA

A Coruña, xullo 2026.